



Avisos

* **Recollida de Lixo:** Aproveitamos este boletín para agradecerlles aos nosos/as veciños/as o esforzo que están a facer en canto á recollida selectiva se refire, o traballo que se está a levar a cabo é moi importante e debemos concienciarnos de que con el estamos promovendo non só un aforro, senón que, conservamos o Medio Ambiente. **Non rompas o esforzo de todos, Recicla!!!**

Recordar tamén que:

- O primeiro martes de mes facemos unha recollida de plásticos agrícolas.
- O primeiro mércores de mes recollemos os trates (electrodomésticos avariados, mobles rotos, arames, ...).

Polo que se ven a alguén que estea a depositar estes refugallos en algún lugar onde non debe fáganlle saber que non hai necesidade, pois o Concello recólleos gratuitamente unha vez ao mes e na propia vivenda.

* Os propietarios de zonas con maleza ó pé de vivendas ou núcleos rurais/urbanos deben limpar ditas zonas a fin de previr incendios forestais:

Vivendas illadas:

- * En 10 metros non pode haber maleza nin árbores.
- * Dos 10 aos 30 metros non pode haber eucaliptos, piñeiros nin mimosas e o resto de árbores deben estar separadas entre si.
- * Dos 30 aos 50 metros, non pode haber maleza e as árbores deben estar separadas entre si.

Arredor de vilas e aldeas:

- * Nos 30 metros non pode haber eucaliptos, piñeiros nin mimosas e o resto de árbores deben estar separadas entre si.
- * Dos 30 aos 50 metros, non pode haber maleza e as árbores deben estar separadas entre si.

Festa dos Maires

O concello de Boimorto anuncia a celebración da festa dos maiores en Boimorto para o sábado 2 de agosto. Proximamente recibiredes as invitacións onde se vos dará toda a información necesaria.

Feira de época

O 2 de agosto, coincidindo coa festa dos nosos maiores, celebrarase en Boimorto unha FEIRA DE ÉPOCA. Unha gran feira onde non faltarán postos de artesanía variados, de comida, música... e todo ambientado no mellor dos sitios, A Telleira de Baiuca. No próximo boletín ampliarase a información e sairán carteis que colocaremos por todo o concello.

Feira mensual

Queremos recordarvos que a feira mensual segue a celebrarse na Gándara o primeiro xoves de mes con postos de roupa, calzado, froita, apeiros, horta... e o que non pode faltar en ningunha feira, o pulpo. Non deixedes de vir á vosa feira.

Centro Social de Maires

* O vindeiro 9 de xullo **Comida no centro social de maiores de Boimorto**. Poden participar todos os maiores que queiran vir xantar e pasar unha mañá alegre e divertida. Haberá o autobús coma sempre pola mañá e levaravos de regreso ó acabar a comida.

O xantar realizarase no mesmo centro social e hai que **anotarse antes do venres 4 de xullo**.

Esperámosvos a todos e a todas. O prezo é de **15 € por persoa** que se deberán pagar no momento de anotarse.

* Anunciamos que o centro de maiores, e o transporte, pararán o xoves **24 de xullo**. En próximos boletíns xa vos indicaremos cando comezarán de novo a funcionar. Esperamos que pasedes un bo verán. A todos os que vides o centro agradecemos a vosa asistencia e comportamento e ós que non vides queremos animarvos a que veñades, podedes empezar por vir algún día e probar. Seguro que vos gusta. Aquí seredes moi ben recibidos por todos.

Deportes

* **BÁDMINTON; CAMPIONATO PROVINCIAL:** o pasado sábado 10 de maio disputouse en Cedeira, o campionato provincial de bádminton, ó cal tiñan acceso os 4 primeiros clasificados do pasado torneo intercomarcal celebrado en Boimorto, e dos cales as nosas escolas municipais competiron cun total de 5 nenas en categoría benxamín feminino, 2 en benxamín masculino e 1 en alevín feminino, acadando os seguintes resultados: chegando todos eles a 1/4 final e obtendo un 4º posto e medalla en benxamín feminino.

* **FÚTBOL SALA; LIGA INTERMUNICIPAL:** o pasado domingo 15 de Xuño celebráronse en Ordes as finais da Liga Intermunicipal, no que as nenas do equipo Feminino Cadete das Escolas Deportivas, previa clasificación, acadaron un 3º posto, obtendo trofeo e medallas. Parabéns a todas elas.

* **PISCINA MUNICIPAL:** Dende o 15 de Xuño permanece aberta a instalación. O seu horario será de **luns a domingo de 12:00 a 20:00**. O prezo sen carné será de 0.50 € para os menores de 18 anos e de 1 € para os adultos.

* **XIMNASIO MUNICIPAL:** durante estes meses de verán o ximnasio municipal contará con persoal cualificado para asesorar ós usuarios que queiran facer uso da instalación. Lembramos que para facer uso deste servizo debe posuírse o carné de socio o cal se pode tramitar nas dependencias do concello.

Servizos Sociais

* Entre o **2 de xullo e o 1 de agosto** os Servizos Sociais atenderán na residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto no horario habitual. Preguntar por Teresa.

OMIX Boimorto

* A **OMIX de Boimorto** organiza un encontro para a xuventude de Boimorto de 2 días (maiores de 13 anos), para poder desfrutar dunhas xornadas de deportes de aventura (rafting, escalada, paddle-surf...). Data: 18 e 19 de xullo. Prezo: 15€ (inclúe transporte, aloxamento, comida e actividades). Prazo para anotarse: ata o 14 de xullo na Oficina da OMIX na Casa do Concello.

Festival de la Luz

* **Mercado de la Luz:** Se algunha persoa está interesada en estar presente no Mercado de la Luz porque desenvolve unha iniciativa ou ten unha proposta gastronómica, que se poña en contacto a través do seguinte correo electrónico: festivaldelaluz2014@gmail.com

* Concursos

- Cultivando deseño: co fin de incentivar e estimular a creatividade artística dentro do Mercado de la Luz búscanse deseñadores/as e ilustradores/as de calquera idade, lugar ou estilo que poderán participar nesta convocatoria elaborando un deseño que se converterá no deseño oficial do merchandising no Festival de la Luz 2014; www.festivaldelaluz.com
- Concurso de maquetas "CULTIVANDO MÚSICA" destinado a músicos e/ou grupos noveles, sen obra editada nos estilos de pop-rock e folclore. Os gañadores dos premios terán a posibilidade de actuar na edición do festival 2014. O prazo para presentar as maquetas remata o 15 de xullo de 2014, máis información: concurso@cultivandomusica.com / Teléfono: 981 910 100